

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE.
Organismo: XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no “Diario Oficial de Galicia”)

SUMARIO:

CÉDULA do 21 de xuño de 2021 pola que se notifica o acordo que fixa o prezo xusto de un predio (expediente 2021000064).

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

De conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e dado que non foi posible practicar a notificación,

DISPOÑO:

- 1.- Notificarlles mediante esta cédula ás persoas que se relacionan no anexo os actos do Xurado de Expropiación de Galicia que se citan, das datas que nel se recollen.
- 2.- Contra estas resolucións, que esgotan a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación desta cédula no taboleiro de edictos único (TEU) do Boletín Oficial do Estado (BOE), de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015. As persoas interesadas poderán tamén interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa



notificación ou publicación desta cédula no TEU do BOE, de conformidade cos artigos 10.1.i), 14.1 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa. A interposición do recurso potestativo de reposición impide a interposición simultánea do recurso contencioso-administrativo, que non poderá interpoñerse ata que sexa resolto o recurso de reposición ou se entenda presuntamente desestimado. O texto íntegro do acordo referido nesta cédula está a disposición dos interesados nas dependencias do Xurado de Expropiación de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 1 de Santiago de Compostela, 15781.

3.- A eficacia desta notificación queda supeditada á súa publicación no TEU do BOE.

4.-En consecuencia, para que conste e lles sirva de notificación ás persoas expropiadas, expido e asino esta cédula.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A presidenta do Xurado de Expropiación de Galicia

Patricia Ulloa Alonso



ANEXO

Proxecto	Persoas que se notifican	Data do acto que se notifica	Nº expediente	Finca
01953-Parque eólico Monciro. Exp. 118-EOL	María Esther Domínguez López	29.04.2021	2021000064	255 (POL)

